

“Na esquerda queda aínda moito por facer para conseguir a igualdade entre homes e mulleres”

A.Vieiro | 16 de Novembro de 2016



Unhas xornadas en Ourense debaten sobre a

importancia do feminismo para construír outra Europa. Organizadas por AGEe e o grupo GUE/NGL do Parlamento europeo. Contará coa presenza de diversas relatoras para falar de cuestións como o ecofeminismo ou os micromachismos.

Ourense acolle a partir desta sexta feira unhas xornadas internacionais de formación para mulleres baixo o título **‘O feminismo, imprescindible para construír outra Europa’** e que están organizadas por *Alternativa Galega de Esquerdas en Europa e polo Grupo confederal de Esquerda Unitaria europea e Esquerda verde nórdica (GUE/NGL)*. As xornadas serán abertas e comezarán a proia sexta feira, 18 de novembro ás 16:30 horas, cunha inauguración a cargo da eurodeputada **Lidia Senra**. “Observamos como na esquerda queda aínda moito por facer para conseguir a igualdade real de dereitos entre os homes e as mulleres”, afirma Senra.

Nas xornadas haberá servizo de gardería de crianzas para todas aquelas mulleres que desexen levar as súas fillas ou fillos, previa petición deste servizo enviando un mail a age.europa.galiza@gmail.com. O primeiro coloquio é *“Teoría de redes de acción: Introducción aos feminismos”*, da man da doutora en Filosofía e Semiótica, profesora da Universidade de Vigo, **Saleta de Salvador Agra**, que será introducida pola deputada de En Marea no Parlamento galego **Paula Veroa**.

A segunda charla impartirá a filósofa ecofeminista **Alicia Puleo** sobre *“Ecofeminismo para outro mundo posible”*. O sábado terá lugar unha palestra de **Eliane de Moura Martins**, militante do Projeto Popular para o Brasil e doutoranda en Socioloxía pola Universidade Federal do Río Grande do Sul

(Porto Alegre), sobre “*Concibindo e construíndo o feminismo popular para facerlle fronte á colonialidade, ao capitalismo depredador e a todas as formas de neomachismos*”.

Rosa Álvarez, decana do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galiza, falará sobre “*Micromachismo: Cimentando o patriarcado*”. Xa o sábado pola tarde, terá lugar o último debate, que baixo o título de “*Acción social desde o feminismo. Exemplos de experiencias de traballo desde diferentes organizacións*”, reunirá a **Isabel Vilalba**, secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego (SLG), **Eva Bastón** e **Tania Merelas**, de Fiadeiras, grupos de traballo en igualdade de xénero dentro do Colexio Profesional de Educadoras e Educadores Sociais de Galiza, e **Eva Gutiérrez**, da Plataforma ProCAPD, en defensa dun centro público de atención a persoas con diversidade funcional para a provincia de Ourense.

Podes ver este artigo na próxima dirección <http://www.sermosgaliza.gal/articulo/social/na-esquerda-queda-ainda-moito-facer-conseguir-igualdade-homes-mulleres/20161116115338052828.html>

© 2016 Sermos Galiza

opennemas | POWERED BY OPENHOST